

Nome:

Curso:

1. Completa as seguintes frases:

- As tres funcións vitais dos seres vivos son a de, a de reprodución e a de
- A nutrición é o conxunto de procesos que fan os seres vivos para conseguir as e a necesaria para vivir.
- Os animais levamos a cabo a función de nutrición mediante os aparellos, respiratorio, e excretor.

2. Le as seguintes afirmacións e elixe a opción correcta.

- A Os glóbulos vermellos do sangue transportan osíxeno ata as células do corpo.
- B As plaquetas actúan cando se produce unha hemorraxia.
- C Entre as aurículas e os ventrículos do corazón hai unha válvula.
- D Todas as afirmacións anteriores son certas.

3. Risca da seguinte listaxe os órganos que non forman parte do aparello dixestivo:

Intestino grosso

Páncreas

Pulmóns

Ollos

Estómago

Corazón

Intestino delgado

Fígado

4. Escribe dúas cousas que podes facer para coidar a túa boca e a túa lingua:

1.

2.

5. Que diferenza hai entre arteria e vea? Define ambos conceptos.

Arteria:

.....

Vea:

.....

Nome:

Curso:



A pasada fin de semana, Teresa viu na Internet un documental moi interesante sobre o aparello dixestivo.

Nel explicábase todo o proceso de dixestión, desde que a comida entra na boca ata que se expulsan os refugallos, tal e como Teresa estudara na clase.

Ademais, tamén se daban unha serie de consellos e recomendacións sobre a alimentación para coidar o noso aparello dixestivo.

1. Observa as seguintes afirmacións sobre o proceso de dixestión. Cal delas é falsa?

- A O quimo pasa ao intestino delgado e os nutrientes empezan a ser absorbidos.
- B Na boca, os alimentos son mastigados xunto coa saliva.
- C O quilo chega ao estómago para ser dixerido.
- D No intestino grosso absórbese gran parte da auga e dos restos expúlsanse por defecación.

2. Explica cales son as glándulas anexas que interveñen no proceso de dixestión e que líquidos produce cada unha:

Resposta:

.....

3. Teresa quere facer un esquema co que aprendeu do proceso de dixestión. Sinala a resposta correcta:

- A O proceso de dixestión tamén se coñece como dixestión química.
- B O paso dos alimentos pola farinxe coñécese como deglución.
- C O intestino grosso é máis ancho e longo que o delgado.
- D As paredes do intestino grosso teñen uns pregues chamados pilosidades intestinais.

4. No documental dicían que comer sentado e mastigando ben os alimentos é moi saudable para o noso aparello dixestivo. Poderías nomear outros dous hábitos saudables?

Resposta:

.....

.....

Nome:

Curso:



Na clase de Naturais dun colexio, veu un enfermeiro para darlle ao alumnado un curso de primeiros auxilios.

Explicoulles que cando alguén ten un accidente e se encontra inconsciente, unha boa forma de saber se o seu corazón funciona correctamente é buscando o seu pulso: póñense dous dedos sobre o pulso do accidentado, debaixo da base do polgar, e faise presión cos dedos.

Se o corazón da persoa segue latendo, notaremos así os latidos do seu corazón.

5. Cal das seguintes afirmacións sobre as fases de contracción do corazón é correcta?

- A Na sístole ventricular as aurículas contráense e envían o sangue aos ventrículos.
- B Na sístole auricular, os ventrículos contráense e envían o sangue ás arterias.
- C Na diástole, o sangue é aspirado das arterias cara ás aurículas.
- D Cada ciclo de contracción do corazón recibe o nome de latido.

6. Cando o corazón funciona correctamente, encárgase de impulsar o sangue polo noso corpo. Que substancias transporta o sangue?

Resposta:

.....

7. Se se produce unha ferida e os vasos sanguíneos se rompen, cal dos compoñentes do sangue se encargará de deter a hemorraxia? Sinala a resposta correcta:

- A Os leucocitos.
- B O plasma sanguíneo.
- C As plaquetas.
- D Os eritrocitos.


Nome:

Curso:

A nai de Carlos é médica e traballa nun hospital. Por iso, cando o rapaz ten algunha dúbida sobre o que está estudando no colexio, ela sempre o axuda.

A semana que vén Carlos ten un exame sobre a función de nutrición e están repasando os dous xuntos.

Hoxe fixeron un debuxo cos diferentes compoñentes do aparello dixestivo e agora Carlos ve moito máis claro os lugares por onde pasan os alimentos durante o proceso de dixestión.



8. Carlos sabe que a dixestión é o proceso de transformación dos alimentos en substancias químicas máis pequenas chamadas nutrientes. Poderías explicarlle que tipos de nutrientes existen? Cales se dixiren coa saliva?

Resposta:

9. Unha boa forma de estudar é facer resumos coas frases clave. Sinala a resposta correcta:

- A O tubo dixestivo está composto polo estómago, o intestino delgado e o intestino grosso.
- B As glándulas dixestivas son de tamaño microscópico e encóntranse no estómago e no intestino delgado.
- C A dixestión é un proceso que empeza cando o alimento entra na boca e acaba cando todos os nutrientes pasan ao sangue.
- D No intestino grosso os nutrientes fanse suficientemente pequenos como para poder pasar ao sangue.

10. Por que cres que é necesaria a hixiene bucal? Como cres que ter unha mala hixiene bucal afecta o proceso de dixestión?

Resposta: